



## Xunta de Persoal de Administración e Servizos

A Xerencia convocou hoxe 21 de xaneiro de 2014 á Xunta de Persoal para comunicar os seguintes cambios na Resolución de 2 de xaneiro de 2014 pola que se convoca o concurso de méritos para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos :

- **Méritos específicos:** a elaboración do proxecto, exposición e defensa dirixirase aos postos de nivel de complemento de destino 28 exclusivamente.

Aprazarase ao seguinte concurso, trala fase de negociación, a esixencia desta fase para niveis de complemento de destino 25, logo de valorar as queixas e suxestións recibidas de representantes do persoal e debido a que se aprobará un novo plano de formación que recolla unha preparación específica para elaboración de memorias.

- Inclúese unha modificación na base 4 para recoller os **prazos e sistema de entrada nos rexistros** do artigo 38 da Lei 30/1992.

- **O modelo de currículo** adaptarase ao recollido nas bases da convocatoria:

No punto 3 de antigüidade na administración, os servizos prestados na Universidade da Coruña substituirase por universidades do SUG e nos puntos 5 titulación académica (as recollidas no apartado 1.4.2 das bases) e 6 coñecemento da lingua galega (as recollidas no apartado 1.4.3 das bases).

- Asímesmo completarase a **táboa de equivalencias no MECRL**.

Na relación de vacantes non haberá cambios.

Estas modificacións **reabrirán os prazos de presentación de solicitudes** para todos os solicitantes, logo da súa publicación, incluídos os que xa as presentaron que deberán formalizalas de novo.

Co obxecto de analizar e concretar as prioridades que en materia de **acción social** do PAS e do PDI se poderán atender cos créditos consignados no Orzamento da UDC para o ano 2014, constituirase unha Mesa de traballo conxunta, composta pola Xerencia e as Vicerreitorías competentes por parte da Institución e por dous representantes dos Sindicatos ou Agrupacións presentes nos respectivos órganos de representación. A constitución e inicio dos traballos por parte desta Mesa terá lugar o vindeiro venres 24 de xaneiro, ás 10:00 horas na sala de comisións núm.1 da Reitoría. Informarémolos.

Un saúdo

*A presidenta da Xunta de Persoal*

*Nuria Vieira Sousa*

---

A conta de correo é: [xunta.persoal@udc.es](mailto:xunta.persoal@udc.es) para aclarar calquera dúbida ou recibir aquelas propostas ou suxestións que consideredes de interese.

---